

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



Jesús Sanz,
Sara Sama,
Mayane Dore

ALTERNATIVAS SOBRE LA BASURA DESDE LA ECONOMÍA SOCIAL Y SOLIDARIA Y LA DIMENSIÓN COMUNITARIA: MIRADAS DESDE UNA ECOLOGÍA POLÍTICA DE LA BASURA. FUHEM Educación Ecosocial, 2025.

O lixo é o reflexo do noso sistema de produción, consumo e distribución. Cada vez xorden máis iniciativas que tratan a xestión do lixo desde outras lóxicas. A recuperación de residuos sólidos urbanos non orgánicos e o desperdicio alimentario. O dossier complementase coas entrevistas, en formato podcast, realizadas a diferentes persoas asociadas a diversas iniciativas de xestión do lixo e especialistas do tema.

Descárgao en



bit.ly/4j1Vkp2

GUÍA DE EXPERIENCIAS EDUCATIVAS SOBRE CONSUMO RESPONSABLE Y COMERCIO JUSTO. PARA ESO Y BACHILLERATO. Coordinadora Estatal de Comercio Justo, 2024.

Guía práctica que inclúe actividades compartidas por docentes que as puxeron en marcha nas súas aulas. O obxectivo é favorecer a creación dunha comunidade de profesionais da educación comprometidos no avance cara a unha sociedade máis crítica, concienciada e sensible ante os impactos do modelo de consumo imperante e os retos globais, como as desigualdades ou a emerxencia climática.



Varios
autores

Descárgao en



bit.ly/4m6e0TN



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



**Deputación
DA CORUÑA**



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA





Varios
autores



CONSTRUIR UNA GRAN CONVERSACIÓN. DISEÑO DE PROCESOS DE DIÁLOGO Y DELIBERACIÓN PARA LA TRANSICIÓN ECOSOCIAL JUSTA. GUÍA METODOLÓGICA. Foro Transiciones, 2024.

Esta guía sistematiza as claves para organizar procesos de deliberación que permitan avanzar na adquisición dos saberes ecosociales necesarios, xerar complicidades entre diversos actores e pactar follas de ruta compartidas. Nela realízase unha proposta de intervención e facilitanse os asuntos claves para favorecer a eficacia e éxito de intervención. Unha ferramenta valiosa, elaborada a partir da realización de talleres, encontros e procesos de deliberación e debate.

Descárgao en



bit.ly/4k1drfs

APLICACIÓN DE LA INTELIGENCIA ARTIFICIAL EN LA OBSERVACIÓN DE LOS OCÉANOS . Buenas prácticas EPCIA, 2022.

Unha proposta dirixida ao alumnado de 6º de primaria para aprender a deducir como a intelixencia artificial pode axudar ao estudo do océano para a súa conservación e mellora. Contén actividades con diferentes aplicacións de IA e medios tecnolóxicos dispoñibles para rexistrar datos de diferentes hábitats e de procesos asociados nos Océanos. Ademais terán que investigar que traballos de campo fan os científicos no mar, con que especies e como lles poderíamos axudar no seu traballo cos instrumentos creados.



Victorio M.
García
María

Descárgao en



<https://acortar.link/DSp67E>



Varios
autores



DE VACACIONES CON LAS PARDELAS. SEOBIRDLIFE, 2022.

Este cómic busca achegar ao público á vida das pardelas, aves misteriosas e fascinantes que habitan principalmente no mar e só visitan a terra para criar. A través dalgunhas das especies máis ameazadas que visitan as nosas augas, preténdese dar a coñecer a situación crítica destas aves, que pertencen a un dos grupos máis vulnerables, e que poden observarse en Galicia en época de migración, ou incluso durante todo o ano, como pasa co caso da pardela cincenta.

Descárgao en



bit.ly/432pEJZ

EL SALTO DE LA RANA: IDEAS PARA AFRONTAR EL CAMBIO CLIMÁTICO. COMBEL, 2025

Para axudar á mocidade lectora a entender por que a Terra está a quentarse e que podemos facer respecto diso. Por analoxía, utilízase a miúdo o concepto do síndrome da ra fervida para describir o que ocorre cando un problema desenvólvese tan lentamente que as súas consecuencias non se perciben facilmente de forma inmediata e esta falta de conciencia dá lugar a reaccións tardías ou nulas á hora de previr ou investir o dano que causa. A autora propón que demos un salto esperanzador cara a un futuro mellor.




Teresa
Franquesa,
Pau
Gasol (il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Públicas: [Vigo](#)

Antía
Yáñez



BE WATER. Cuarto de inverno, 2024.

Esta novela pode considerarse como unha invitación da autora a percibir as actuais estruturas opresoras moito máis fráxiles do que aparentan, a considerar que as cousas poden ser dun xeito distinto, que o futuro non ten que ser o que nos ten dito e que sempre hai outra posibilidade. A autora alerta sobre a transcendencia do ecoloxismo e ademais está escrita dende perspectivas feministas cunha muller forte como protagonista.

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Arzúa, Ribadumia, Santiago, Meis,...](#)

Bibliotecas Universitarias: [USC, UVIGO](#)

DANIELA E A HORTA DO AVÓ. Edicións Fervenza, 2024.

Conto a xeito de rima para inculcar nos máis cativos a importancia da horta, á par que a súa protagonista, Daniela, descubre os coidados das distintas plantas e os seus procesos antes de converterse en alimento. A aldea cobra protagonismo e tamén a figura dos avós. Ao final do libro, os pequenos poderán comprobar todo o aprendido coa lectura a través de varias actividades didácticas.



Antela
Cid,
Anabel
Montouto

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Poio, Santiago, Vigo, Pontevedra](#)



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA




**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN





IES Las
Salinas del
Mar Menor



ONDA SALADA , LA VOZ QUE DEJA HUELLA.

IES Las Salinas del Mar Menor en La Manga, Cartagena.

Un proxecto interdisciplinario de radio escolar que converteu ao Mar Menor e a súa contorna no eixo central da aprendizaxe para os estudantes de ESO e Bacharelato. A través da creación de pódcasts educativos, o alumnado investigou o ecosistema do Mar Menor desde diversas perspectivas, como a literatura, a bioloxía, a música e a arte. Isto permitiu desenvolver habilidades comunicativas, pensamento crítico e conciencia ambiental entre os estudantes.

Escóitao en



[Spotify](#) [iVoox](#) [Instagram](#)

ARBORETUM. Gen x Games, 2018.

En ningún outro lugar é tan evidente a beleza da natureza como nas resplandecentes cores dun arboreto. Neste xogo crearán carreiros para que os visitantes poidan pasearse e gozar da explosión colorida das follas e brotes. A alegre flor da cerdeira, a corneira, o poderoso carballo, todos teñen o seu lugar neste pacífico idilio. Pero baixo este lugar tranquilo subxace un xogo de espírito competitivo. Deberán elixir que cartas plantar no seu arboreto e cales manter na man, xa que só o máis experto gañará prestixio entre os entusiastas da natureza de todo o mundo.



Dan Cassar

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>